

CONDICIÓN XERAIS DE www.vivamoscomogalegos.com

CONDICIÓN XERAIS DA WEB:

Gallega de Distribuidores de Alimentación S. A., como cabeceira do grupo GADISA e titular do sitio www.vivamoscomogalegos.com, cedulle o seu uso a GADISA RETAIL S. L. U., (pertencente ao grupo GADISA e, pola súa vez, cabeceira do sub-grupo GADISA RETAIL) e asemade encomendulle a xestión do sitio web www.vivamoscomogalegos.com co fin de darlles servizo do portal de internet ás empresas do sub-grupo GADISA RETAIL e aos usuarios destas para a promoción dos seus produtos e servizos. Por iso, en diante referirémonos unicamente a GADISA RETAIL .

GADISA RETAIL, como xestor da páxina web, pon á disposición dos usuarios as presentes «Condicións de Servizo e Política de Privacidade», en cumprimento co establecido na Lei 34/2002, de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico (LSSI-CE) e na lexislación correspondente á materia de protección de datos, e concretamente co Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril (en diante «Estas Condicións»).

DEREITOS E OBRIGAS DO USUARIO

A utilización de calquera dos servizos ofrecidos no Sitio Web atribúe dende o seu principio a condición de Usuario e será considerada aceptación expresa, voluntaria e sen reservas destas Condicións Xerais.

Para o acceso aos servizos deste Sitio Web, en todo o que non teña carácter gratuíto ou imponha unha serie de obrigas, o Usuario debe ser maior de idade e dispoñer da capacidade legal e representación necesaria para obrigarse xuridicamente.

A utilización dos servizos ofrecidos no Sitio Web implica que o Usuario declara cumprir estes requisitos.

O Usuario que accede ao Sitio Web debe cumprir estas Condicións Xerais e as especiais instrucións de uso que se lle amosen en cada momento. Así mesmo, comprométese a obrar sempre conforme á Lei, aos bos costumes e ás esixencias da boa fe, empregando a dilixencia adecuada á natureza do servizo do que goza. Xa que logo, o Usuario non poderá efectuar ningunha modificación nin alteración dos contidos do Sitio Web, fóra dos datos que o propio Usuario introducise, nin prexudicará de ningunha forma a súa integridade ou funcionamento.

GADISA RETAIL poderá suprimir ou suspender o acceso ao Sitio Web do Usuario que incumpra calquera das obrigas expresadas nestas Condicións Xerais. O Usuario que incumpra intencional ou culpablemente calquera das precedentes obrigas responderá de todos os danos e prexuízos que, como consecuencia, lle cause a GADISA RETAIL ou a un terceiro.

PROTECCIÓN DE DATOS:

De conformidade co disposto na lexislación de protección de datos, e concretamente no Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril, informámolo/a de que os datos identificativos que vostede nos proporcione voluntariamente nas seccións habilitadas para participar nas accións de promoción ou para contactar connosco serán tratados por Gadisa Retail S. L. U. coa finalidade de xestionar a participación nas distintas accións de promoción da web de vivamoscomogalegos.com ou de atender as súas peticións a través do correo.

Os devanditos datos serán incorporados ao ficheiro «vivamos como galegos» e serán conservados mentres sexa preciso para atender a súa finalidade ou ata que vostede exercite o seu dereito de cancelación. Estes datos non lles serán transferidos a terceiras persoas sen o correspondente consentimento, nin fóra dos casos legalmente previstos. Así mesmo, GADISA RETAIL S. L. U. atópase lexitimada para o citado tratamento polo consentimento prestado por vostede ao aceptar a cláusula de protección de datos habilitada con ese fin.

Pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou supresión, oposición, á limitación do seu tratamento ou á portabilidade de datos dirixíndose a lopd@gadisa.es, Ref.: protección de datos-vivamoscomogalegos, indicando o dereito a exercitar e achegando fotocopia do seu DNI. Igualmente, ten vostede dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

RESPONSABILIDADE DO PRESTADOR

Dentro das marxes legais, o PRESTADOR resérvase o dereito de realizar modificacións no Sitio Web, así coma nestas Condicións Xerais.

Doutra banda, e dada a especial natureza do medio escollido para comunicarse cos Usuarios, o PRESTADOR non pode asumir responsabilidade pola imposibilidade temporal de acceso ao Sitio Web nun momento determinado, ou á información concreta de entre os incluídos no PRESTADOR ou naqueles sitios web aos que o Usuario acceda mediante ligazóns de hipertexto situadas no Sitio Web.

No Sitio Web existen informacións simplificadas, ou ben redactadas coa intención de facer máis fácil a súa comprensión polo Usuario medio, polo que o PRESTADOR non se fai responsable polas interpretacións erróneas ás que poida dar orixe a información aquí presentada, salvo actuación negligente por parte do PRESTADOR no exercicio das súas funcións, tal e como se describe nas presentes Condicións Xerais.

O PRESTADOR non responderá en ningún caso polos danos orixinados como consecuencia de feitos fortuítos ou imprevisibles, nin por aqueles que sexan consecuencia do comportamento negligente do Usuario.

PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL

Todos os contidos, marcas, deseños, logos, iconas, botóns, software, nomes comerciais, nomes de dominio, e calquera outros signos ou elementos susceptibles de protección por dereitos de propiedade intelectual e industrial que formen parte do Sitio Web son propiedade do PRESTADOR ou de dominio público ou de terceiros que autorizaron debidamente a súa inclusión no Sitio Web e que figuran como autores ou titulares dos dereitos.

En ningún caso se entenderá que se concede licenza ningunha ou se efectúa renuncia, transmisión, cesión total ou parcial dos devanditos dereitos, nin se confire ningún dereito, e en especial, de explotación, reprodución, distribución, transformación ou comunicación pública, sobre os devanditos contidos sen a autorización previa, expresa e por escrito do PRESTADOR (no que respecta ao deseño do sitio ou ao uso da marca «PRESTADOR») ou dos terceiros correspondentes.

As violacións de calquera dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial aos que se refire este apartado serán perseguidas mediante as accións penais e civís previstas na lexislación vixente.

XURISDICIÓN

As presentes Condicións Xerais rexeranse e interpretaranse de acordo coas Leis de España.

Así mesmo, e coa excepción do expresado no parágrafo seguinte, as partes intervinientes acordan que todo litixio, discrepancia, cuestión ou reclamación resultante da execución ou interpretación das presentes Condicións ou relacionado con elas, ou doutros textos que puidese haber no sitio web, resolveranse definitivamente mediante sometemento aos xulgados e tribunais da Coruña, con renuncia expresa a calquera outro foro ou demarcación xurisdiccional que puiden resultar competente.

O parágrafo anterior non será de aplicación no caso de que unha das partes sexa un consumidor ou usuario; nese caso será de aplicación preferente o lugar designado na normativa de protección dos Consumidores e Usuarios.

COMUNICACIÓNS

Para calquera comunicación que sexa precisa entre o PRESTADOR e o Usuario, este deberá dirixirse ao domicilio indicado do PRESTADOR mediante calquera dos distintos medios de comunicación (correo certificado ou e-mail) que se indican na sección CONTACTO da Web.

As comunicacións do PRESTADOR ao Usuario efectuaranse mediante os datos achegados por este ao se rexistrar no Sitio Web ou mediante os datos proporcionados na primeira comunicación enviada polo Usuario.